

Anteproxecto de Decreto /2021, do de, polo que se modifica o Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.3, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda. Por tanto, é competencia autonómica establecer o marco xeral da regulación do informe de avaliación dos edificios, dentro do seu ámbito territorial.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas de Galicia, regula o dito informe no seu capítulo II do título preliminar da

En desenvolvemento da citada Lei publicouse o Decreto 61/2021 do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o seu rexistro na Comunidade Autónoma de Galicia, en vigor dende o 20 de maio 2021.

Na disposición transitoria primeira do citado decreto, establécese que os concellos que así o consideren, en función do número e a antigüidade dos edificios do seu municipio, así como dos seus medios e necesidades, poderán establecer un calendario para a presentación gradual dos IAE dos edificios que, na entrada en vigor deste decreto xa contén cunha antigüidade de máis de 50 anos e sempre que non supere os prazos seguintes:

- Ata 1 ano desde a entrada en vigor deste decreto, para os edificios catalogados.
- Ata 3 anos desde a entrada en vigor deste decreto, para o resto dos edificios con máis de 50 anos.

Ante as limitacións establecidas, como consecuencia da pandemia da Covid 19 para realizar as reunións das xuntas das comunidades de persoas propietarias de edificios, o prazo establecido, para os edificios catalogados, na citada disposición transitoria primeira pode resultar insuficiente, polo que se considerou a conveniencia de ampliar o dito prazo, no seo do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia constituído polos representantes das Administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na lei 38/1999 de 5 de novembro, de ordenación da edificación así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de acordo/oído o Consello Consultivo de Galicia, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....2021

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da disposición transitoria primeira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.

A disposición transitoria primeira do Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios, queda redactada nos seguintes termos:

Disposición transitoria primeira. Implantación gradual da obriga do informe de avaliación dos edificios

Os concellos que así o consideren, en función do número e a antigüidade dos edificios do seu municipio, así como dos seus medios e necesidades, poderán establecer un calendario para a presentación gradual dos IAE dos edificios que, na entrada en vigor deste decreto xa conten cunha antigüidade de máis de 50 anos e sempre que non supere os prazos seguintes:

- Ata 3 anos desde a entrada en vigor deste decreto, para os edificios catalogados.
- Ata 3 anos desde a entrada en vigor deste decreto, para o resto dos edificios con máis de 50 anos.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposición derradeira. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto

Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda